

PROCEDEMENTO: CT402D – Salas de artes escénicas de titularidade privada

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O día 20 de novembro de 2024, DOG núm. 224, publícase a Resolución do 4 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada e se convocan para o ano 2025. (Código de Procedemento CT402D).
2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 20 de decembro de 2024, procédese ao estudo de todas as solicitudes recibidas (anexo I) xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos. Como resultado da actuación de verificación dos requisitos establecidos na convocatoria, a solicitude relacionada no Anexo II é desistida pola causa nel indicada.
3. Con data 12 de febreiro de 2025 réunese a comisión avaliadora para o estudo e análise das solicitudes e a documentación complementaria.
4. O día 17 de febreiro de 2025, unha vez instruído o procedemento e entregado o informe preceptivo por parte da comisión avaliadora, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (en diante, Agadic), como órgano instrutor, ditou unha proposta de resolución na que se indica o número de solicitudes presentadas, admitidas, inadmitidas e/ou desistidas, as solicitudes susceptibles de percibir subvención e o importe económico que se propón para cada unha delas.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o presidente do Consello Reitor de Agadic, de conformidade co disposto no artigo 18.2 da Resolución do 16 de decembro de 2021, que establece que o presidente do Consello Reitor de Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do Acordo do 24 de xullo de 2021, DOG n.º 164), deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data da proposta de resolución.
2. Todos os expedientes de solicitudes de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada recibidos ao abeiro da convocatoria para o ano 2025, co código de procedemento CT402D, foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.
3. O día 12 de febreiro de 2025, a comisión avaliadora reúnese para avaliar as solicitudes conforme aos criterios de valoración expresados no artigo 16 da convocatoria e emite a súa acta e o correspondente informe.
4. Como resultado de todo o proceso, o director de Agadic presenta a súa proposta de resolución o día 17 de febreiro de 2025.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución do director de Agadic, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

1. Non admitir a solicitude que se relaciona no anexo II pola causa que nel se expresa.



2. Admitir as solicitudes que se relacionan no anexo III por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.

3 Conceder a subvención, cos importes que se expresan, as entidades solicitantes que se relacionan no anexo V.

ANEXO I

SOLICITUDES PRESENTADAS

Nº DE EXPEDIENTE	NIF	PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO DA SALA
CT402D/2025SA/1	B09950072	Sala Ártika, SL	Sala Ártika 2025
CT402D/2025SA/2	B36920247	Teatro Ensalle, SLL	Programación Teatro Ensalle Novembro 2024 - Outubro 2025
CT402D/2025SA/3	B15809619	Teatro del Andamio, SL	Actividades de Sala Teatro del Andamio 2025
CT402D/2025SA/4	B70061403	Gurugú Produccións, SL	Programación Sala Gurugú 2025
CT402D/2025SA/5	32845428W	Juan Pablo Rodríguez Santiago	Galgo azul espazo de cultura

ANEXO II

SOLICITUDES DESISTIDAS

Nº EXPEDIENTE	NIF	PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO DA SALA	CAUSA DE DESISTENCIA
CT402D/2025SA/5	32845428W	Juan Pablo Rodríguez Santiago	Galgo azul espazo de cultura	Artigo 7 punto 2 das bases reguladoras



ANEXO III

SOLICITUDES ADMITIDAS PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Nº DE EXPEDIENTE	NIF	PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO DA SALA
CT402D/2025SA/1	B09950072	Sala Ártika, SL	Sala Ártika 2025
CT402D/2025SA/2	B36920247	Teatro Ensalle, SLL	Programación Teatro Ensalle Novembro 2024 - Outubro 2025
CT402D/2025SA/3	B15809619	Teatro del Andamio, SL	Actividades de Sala Teatro del Andamio 2025
CT402D/2025SA/4	B70061403	Gurugú Produccións, SL	Programación Sala Gurugú 2025

ANEXO IV

SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA

SOLICITANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
Sala Ártika, SL	39,35
Teatro Ensalle, SLL	35,65
Teatro del Andamio, SL	30,50
Gurugú Produccións, SL	25,05

ANEXO V

SOLICITUDES SUBVENCIONADAS E IMPORTE CONCEDIDO

BENEFICIARIO	PROXECTO DA SALA	PUNTOS	ORZAMENTO	SOLICITADO	CONCEDIDO
Sala Ártika, SL	Sala Ártika 2025	39,35	100.000,00	75.000,00	75.000,00
Teatro Ensalle, SLL	Programación Teatro Ensalle Novembro 2024 - Outubro 2025	35,65	152.229,05	75.000,00	75.000,00
Teatro del Andamio, SL	Actividades de Sala Teatro del Andamio 2025	30,50	51.252,50	38.439,37	38.439,37
Gurugú Produccións, SL	Programación Sala Gurugú 2025	25,05	42.550,00	31.900,00	26.560,63



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Unha vez transcorrido o devandito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O presidente do Consello Reitor de Agadic

José Carlos López Campos



